

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 6 DE OUTUBRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se regula a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo de recoñecemento, autorización e cualificación como colección visitable do Museo da Historia de Valga.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco, do apoio técnico na posta en produción dos sistemas desenvolvidos no marco dos proxectos Hospital 2050 e Innova Saúde cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, Fondo tecnolóxico, por un un valor estimado de vinte e cinco millóns de euros (25.000.000 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre planificación do sistema de transporte público de viaxeiros na Comunidade Autónoma de Galicia. Integración do transporte baixo demanda. Inicio da primeira fase de planificación.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Resolución da convocatoria de Conecta Pemes 2016.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre a proposta de planificación académica do Sistema Universitario de Galicia (SUG) 2016/2020.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a iniciativa praias sen fume 2016.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe de situación da axuda ás familias a través da Tarxeta Benvida.

O NOVO PLAN DE CONTINXENCIAS POR CONTAMINACIÓN MARIÑA DE GALICIA GAÑARÁ EN COORDINACIÓN GRAZAS Á SÚA ADAPTACIÓN AO SISTEMA NACIONAL DE RESPOSTA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o novo decreto polo que se regula a estrutura e organización do Plan Camgal*
- *O período de vixencia do plan increméntase un ano, pasando de catro a cinco anos e, ademais, o plan establece unha nova definición dos niveis de activación adaptándose aos utilizados por Protección Civil, segundo indica o Sistema nacional de resposta*
- *No proceso de elaboración do novo decreto tivéronse en conta os informes e alegacións remitidos aos organismos implicados e, ademais, o borrador de texto estivo a exposición pública na web de transparencia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o novo decreto polo que se regula a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia, Plan Camgal. A través del substituirase o modelo en vigor, do ano 2012, por outro esquema de organización centrado no Sistema nacional de resposta, de ámbito estatal e posterior ao decreto do Plan Camgal do ano 2012. O obxectivo desta adaptación é acadar unha mellor coherencia e cooperación das actuacións encadradas nos distintos niveis de plans de continxencias: locais de protección de ribeira, interiores marítimos, territorial e nacionais.

As adaptacións que introduce o novo decreto de estrutura e organización foron establecidas pola comisión de revisión do plan, constituída pola Consellería do Mar e da Cal tamén forman parte as consellerías de Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza; Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; Sanidade; Política Social, Economía, Emprego e Industria.

Un dos principais cambios respecto ao Decreto de 2012 é a súa integración no Sistema nacional de resposta (SNR), subdividido en dous subsistemas (marítimo e costeiro), que reflicte o nivel intermedio do plan territorial, entre os plans nacionais e os plans de ámbito inferior (interiores e locais).

Ademais, o período de vixencia do plan increméntase un ano, pasando de catro a cinco anos, e establece unha nova definición dos niveis de activación adaptándose aos utilizados por Protección Civil, segundo indica o SNR. Deste xeito pasa a denominarse "situación 0" o que ata agora se denomina "alerta", cando se sospeite que unha contaminación significativa pode chegar á costa, tanto se procede do mar como dunha instalación en terra. Ademais, pasan a coñecerse como situacións 1, 2 e 3 o que actualmente se denominan "emerxencia nivel mínimo", "emerxencia nivel medio" e "emerxencia nivel máximo", respectivamente, cando algún tipo de contaminación

significativa chegue á zona costeira, tanto se procede do mar como de instalacións en terra.

Por outra banda, o novo decreto incorpora segundo indica o SNR representantes da Delegación do Goberno, de SASEMAR e dos plans interiores afectados no Comité de Dirección, que ten como misión asistir o/a director/a do plan na toma de decisións. Tamén define o procedemento de activación do Plan Camgal atendendo ao SNR, de maneira que se comunicará a continxencia segundo os protocolos de comunicación establecidos no sistema nacional, así como calquera outro que se defina pola normativa estatal referente na materia. A maiores, establece a definición da coordinación cos medios estatais no caso de non estaren os plans nacionais activados, segundo indica o SNR.

Traxectoria do Camgal

A actualización da estrutura e organización do Camgal responde ao que establece o decreto que o regula, que sinala que tras catro anos de vixencia o plan debe ser sometido a revisión. O obxectivo é incorporar as ferramentas desenvolvidas durante estes anos, as novidades tecnolóxicas e as novidades legislativas que foron aparecendo no campo da contaminación mariña accidental.

Por iso, en abril deste ano a Consellería do Mar constituíu a comisión de revisión do plan coa participación de todos os órganos directivos involucrados nel. Esta comisión é a encargada de establecer os cambios do decreto que regula a estrutura do plan e tamén do contido do plan.

No proceso de elaboración do novo decreto tivéronse en conta os informes e alegacións remitidos aos organismos implicados. En total estes organismos emitiron 18 alegacións e a maioría foron aceptadas. Ademais, o borrador de texto estivo a exposición pública na web de transparencia, onde non recibiu ningunha alegación. Este decreto derrogará o actual e afectará o texto do Plan Camgal, publicado mediante resolución en setembro de 2012 e que estará vixente ata que se aprobe o novo texto do plan, fase posterior á aprobación deste decreto.

O Plan Camgal recolle un conxunto de normas e procedementos básicos de actuación, a estrutura de organización e o sistema de resposta das administracións públicas fronte a un episodio de contaminación mariña accidental que se produza ou afecte o litoral da nosa comunidade. Este plan supuxo un avance na preparación da Comunidade Autónoma nesta materia e promove unha utilización racional dos medios materiais existentes. Ten como obxectivo obter a máxima protección para as persoas, o ambiente e os bens que resulten afectados ante unha eventual continxencia.

A XUNTA DE GALICIA CONCEDE AO MUSEO DA HISTORIA DE VALGA O RECOÑECEMENTO DE “COLECCIÓN VISITABLE”

- ***Esta consideración permite garantir a custodia e conservación dos fondos que alberga, así como regular a visita pública e o acceso a este patrimonio material centrado, sobre todo, na figura de “La Bella Otero”***

O Museo da Historia de Valga ten xa a consideración de “colección visitable”, logo de que o Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, autorízase a dita cualificación.

O dito acordo establece que, consonte a Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, este museo reúne as condicións e requisitos necesarios para acadar a consideración de “colección visitable”, cun contido de ámbito local. Esta consideración permite garantir a custodia e conservación dos fondos que alberga, así como regular a visita pública e o acceso a este patrimonio material.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria elevou a proposta ao Consello da Xunta logo da solicitude realizada polo Concello Valga, que é a entidade titular e responsable deste espazo. O departamento de Cultura da Xunta elaborou a dita proposta logo de obter informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio e presentar un informe externo da dirección do Museo de Pontevedra.

O Museo da Historia de Valga é un proxecto que pretende divulgar o patrimonio natural e a historia do Concello de Valga, así como a figura da súa veciña máis ilustre, Agustina Carolina Otero Iglesias, máis coñecida como “La Bella Otero”. Tamén conta cun valor etnográfico plasmado na recuperación da casa natal da famosa artista a través da recreación dunha casa labrega tradicional de finais do século XIX.

O edificio, de recente construción, conta cunha planta baixa e dous andares. Na planta baixa está situado o espazo de recepción do visitante, cun mostrador de atención ao público e un pequeno auditorio para a celebración de actos culturais ademais da exposición introdutoria centrada no territorio e o medio natural do concello de Valga. Detrás do edificio principal atópase a casa natal de “La Bella Otero”, unha construción de reducidas dimensións que conserva a estrutura tradicional da casa labrega con mobiliario doméstico, e na cal se expón unha colección de etnografía cunha selección de pezas representativas.

No primeiro andar preséntase a montaxe museográfica da colección de arqueoloxía e no segundo andar elementos arredor da vida da artista. No entrechán que comunica estes dous andares hai unha vitrina coas obras máis representativas do historiador local Xesús Ferro Couselo, xunto cun pequeno panel explicativo sobre a súa vida e obra.

Requisitos

A Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, establece, no seu artigo 112, que se considera “colección visitable” aquela que non reúna todas as características e condicións necesarias para o seu recoñecemento como museo, sempre que as súas persoas titulares faciliten, mediante un horario accesible e regular, a visita pública e o acceso do persoal investigador. Así mesmo, os seus fondos gozarán das atencións básicas que garantan a súa custodia e conservación.

A partir da entrada en vigor da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, ata o de agora, e sen contabilizar esta aprobada hoxe, son 19 os museos, coleccións ou centros catalogados como “colección visitable” en Galicia (2 museos e 17 coleccións visitables).

SANIDADE DESTINARÁ ATA 25 DE MILLÓNS DE EUROS NA IMPLANTACIÓN DOS PROXECTOS DE INNOVA SAÚDE E HOSPITAL 2050

- ***A magnitude dos proxectos e o volume de usuarios finais supoñen un reto na planificación e execución para o seu despregamento en toda Galicia***

O Consello da Xunta vén de autorizar a contratación do acordo marco de apoio técnico na implantación dos novos sistemas desenvolvidos a través do proxectos Hospital 2050 e Innova Saúde. A execución deste acordo marco, por un valor máximo de 25 millóns de euros e unha duración de catro anos (ata 2020), permitirá alentar a máxima concorrencia de empresas, polo que se seleccionará para a adxudicación a todos os licitadores que obteñan unha puntuación mínima indicada nos criterios do acordo marco.

A magnitude dos proxectos e o volume de usuarios finais supoñen un reto na planificación e execución para o seu despregamento en toda Galicia. O obxectivo final desta contratación é a prestación dos servizos necesarios para a posta en marcha dos diferentes proxectos do Hospital 2050 e Innova Saúde.

Innova Saúde e Hospital 2050: novos modelos de prestación de servizos sanitarios

O horizonte final de Innova Saúde e Hospital 2050 (H2050) é a implantación de sistemas de información intelixentes que soporten novos modelos de prestación de servizos sanitarios e sociosanitarios en modalidades presenciais e non presenciais.

Innova Saúde e Hospital 2050 supoñen o maior proxecto de innovación sanitaria de Galicia e van permitir desenvolver un novo modelo asistencial baseado nas novas tecnoloxías, o que axudará ao Sergas a mellorar a súa eficiencia e calidade asistencial.

Máis en concreto, os proxectos desenvolvidos no marco do H2050 e Innova Saude, son, entre outros: hospital na casa, teleasistencia; fogar dixital asistencial, monitorización variables clínicas; paciente experto/empoderamento do paciente; sistemas intelixentes de alertas sanitarias; sistemas de diagnóstico asistido por ordenador; central de diagnóstico de imaxe médica; sistemas de xestión intelixente das urxencias; rastrexabilidade integral de pacientes e recursos; sistema integral de xestión de pacientes; profesional 3.0; historia clínica dixital orientada a procesos; estratificación de pacientes; dixitalización, custodia e preservación da información sanitaria; seguridade dixital; e Big data.

A XUNTA PON EN MARCHA A PRIMEIRA FASE DA NOVA ORDENACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA, COA INTEGRACIÓN DE SERVIZOS BAIXO DEMANDA E PRIORIZANDO A COBERTURA DO MEDIO RURAL

- *O Goberno galego comeza a aplicar a revisión en profundidade do actual mapa de servizos de transporte público iniciada en 2014 para adaptalo ás necesidades sociais e territoriais da Galicia actual e incorporar nel as posibilidades das novas tecnoloxías e dos novos modos de transporte*
- *O Diario Oficial de Galicia publicará mañá a licitación, por un importe de 1 millón de euros, dos contratos para a planificación dos novos mapas de servizos de transporte en seis eidos territoriais, integrando distintas modalidades e definindo a súa forma de explotación*
- *Esta nova ordenación integrará servizos baixo demanda, o que permitirá a adaptación ás necesidades reais dos usuarios, co obxectivo prioritario de mellorar a mobilidade no rural*
- *O resultado desa planificación comezará a implantarse en agosto do vindeiro ano como a primeira fase do Plan de transporte público, que estará plenamente operativo a comezos de 2020*
- *Os obxectivos do Plan de transporte público de Galicia son facilitar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade, calidade e eficiencia; fomentar o uso do transporte público; ou promover a intermodalidade, entre outros*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á posta en marcha da primeira fase da nova ordenación do transporte público de Galicia, que integrará modalidades de servizos baixo demanda e terá como prioridade a cobertura das necesidades do medio rural. A Consellería de Infraestruturas e Vivenda presentou hoxe a estratexia definida para a revisión en profundidade do actual mapa de servizos de transporte público iniciada en 2014 co obxectivo de adaptalo ás necesidades sociais e territoriais da Galicia actual e para incorporar nel as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías.

Cómpre ter en conta que o actual sistema de transporte público de Galicia se basea nas concesións de transporte regular outorgadas en diferentes momentos do século XX e xa non se adaptou ao acentuado ritmo de transformación social e territorial rexistrado nas últimas décadas na nosa comunidade autónoma.

Esa evolución social e territorial da poboación fai necesaria unha reordenación do mapa de servizos de transporte público en que se teñan en conta as novas modalidades de prestación e os beneficios das novas tecnoloxías. En concreto, a nova planificación deberá integrar o transporte baixo demanda como ferramenta para incrementar a cobertura territorial e social dos servizos, con criterios de eficiencia no uso dos recursos.

Coa finalidade de proceder a esta reformulación do mapa de servizos de transporte e a introdución e integración do transporte baixo demanda, desde 2014 a Administración autonómica traballa na nova planificación do transporte por estrada para acometer unha modernización deste ámbito e ofrecer á cidadanía un transporte de calidade.

A Xunta de Galicia destinará un total de 2,5 millóns de euros á nova ordenación do sistema de transporte público que integre servizos de transporte baixo demanda, que será cofinanciado con fondos do programa operativo Feder 2014-2020.


De acordo con esa folla de ruta, o *Diario Oficial de Galicia* publicará mañá a licitación, por un importe de 1,02 millóns de euros, dos contratos para a planificación dos novos mapas de servizos de transporte de pasaxeiros en seis eidos territoriais, nos cales se integrarán distintas modalidades de transporte e se definirán as formas de explotación.

Os eidos territoriais desta primeira fase delimitáronse atendendo a zonas que presentan características específicas en canto aos asentamentos de poboación, á configuración da mobilidade e aos tráficoos que atenden os actuais servizos:

- Provincias da Coruña e Lugo norte
- Centro: sur da provincia de Lugo e confluencia das de Pontevedra e A Coruña
- Ourense leste
- Ourense oeste
- Servizos de conexión interurbanos e Pontevedra
- A Coruña oeste

Táboa de equivalencias

| | |
|--|---|
| | Zona 1. A Coruña e Lugo Norte. |
| | Zona 2. Galicia Centro |
| | Zona 3. Ourense Leste |
| | Zona 4. Ourense Oeste |
| | Zona 5. Interprovincial e Pontevedra; as localidades das provincias de Lugo e de Ourense figuran, preferentemente, co nome resaltado. |
| | Zona 6. A Coruña Oeste |
| | Concellos incluídos en dúas ou máis zonas (tramas de diferentes cores). |
| | Concellos nos que a reordenación levarase a cabo na segunda fase da planificación |



Co obxectivo de integrar as modalidades de transporte á demanda, a planificación resultante deberá determinar:

- Rutas regulares de prestación continua, tal e como existen actualmente, para as zonas nas que existe unha demanda regular e continua que garante a eficiencia na prestación do servizo.
- Rutas regulares previamente establecidas que só se prestan nos días ou horarios nos que existe demanda. Pode tratarse de expedicións específicas ou ben desvíos das liñas regulares de prestación continua que permitirán atender as necesidades de mobilidade das zonas onde as liñas actuais non acceden ou circulan moitos días baleiras por non atender unha demanda continua.

Dentro deste estudo debe formularse o sistema de “reserva” do servizo, establecéndose as canles polos que o cidadán poderá solicitar o servizo de transporte regular.

Esta solicitude deberá atender, por exemplo, as necesidades dun estudante que acude de luns á venres ao seu centro de ensino, ou para veciños que en días concretos e puntuais acoden a unha cita médica ou precisan ir resolver un trámite a outro núcleo.

O resultado desa planificación comezará a implantarse en agosto do vindeiro ano como a primeira fase do Plan de transporte público, que estará plenamente operativo a comezos de 2020.

Para isto, nunha segunda fase, os traballos de elaboración do Plan de transporte público de Galicia continuarán no período 2017 – 2019 mediante a realización dunha enquisa de mobilidade a nivel autonómico que posibilite o deseño das redes de transporte público para atender tanto a demanda actual como aquela que non está atendida. Estes traballos serán complementados con outros orientados á adaptación das ferramentas tecnolóxicas para a xestión dos servizos de transporte baixo demanda. A adxudicación efectiva dos servizos de transporte levarase a cabo no ano 2019, procedendo de seguido á súa implantación.

Os obxectivos do Plan de transporte público de Galicia son facilitar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade, calidade e eficiencia; fomentar o uso do transporte público; ou promover a intermodalidade, entre outros.

O 90% DOS BENEFICIARIOS NA TERCEIRA EDICIÓN DO PROGRAMA DE INNOVACIÓN CONECTA PEME SON PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS

- *A Xunta mobiliza a través desta iniciativa máis de 47,6 millóns de euros para a realización de 61 proxectos*
- *As axudas concedidas na terceira edición achéganse aos 25 millóns de euros, un 30% máis con respecto á convocatoria anterior, e teñen por obxectivo incentivar a innovación aberta, cofinanciando proxectos de colaboración de entre 2 e 6 empresas*
- *Desde a posta en marcha deste programa en 2013, estanse a xerar investimentos por valor de máis de 100 millóns para 133 proxectos de cooperación en que participan 518 empresas*
- *Entre as principais novidades cómpre salientar o apoio a proxectos de innovación en organización e mellora de procesos, a simplificación dos trámites e o aliñamento coa RIS3 e a Axenda da competitividade Galicia-Industria 4.0*
- *As iniciativas seleccionadas buscan xerar tecnoloxías novas pero tamén acreditar unha perspectiva de alto impacto económico para contribuír á competitividade e ao crecemento da economía galega*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, acaba de resolver a terceira convocatoria de axudas do Conecta Peme, un programa da Axencia Galega de Innovación (Gain) que fornecerá preto de 25 millóns de euros para mobilizar máis de 47,6 millóns en 61 proxectos de innovación liderados por pequenas e medianas empresas galegas. En concreto, das 228 firmas beneficiarias, o 90,4% son pemes. Esta iniciativa enmárcase dentro da estratexia integral de innovación que está a desenvolver a Administración autonómica e que, coa participación de todos os axentes do Sistema Galego de I+D+i, inclúe actuacións prácticas que redundan nun incremento da competitividade do tecido empresarial.

A contía final das axudas concedidas nesta terceira edición de Conecta Peme, das cales se informou no Consello da Xunta de hoxe, é un 30% superior con respecto á convocatoria anterior, con preto de 5,6 millóns de euros máis, e supón a maior aposta do Goberno galego pola innovación empresarial desde o comezo da crise. O obxectivo do programa é reforzar a capacidade de recuperación das pequenas e medianas empresas con base no coñecemento desenvolvendo iniciativas de colaboración en que prima a transferencia dos resultados ao propio tecido empresarial.

Deste xeito, a Xunta dá continuidade ás boas cifras acadadas polo Conecta Peme desde o seu inicio en 2013. A través das tres convocatorias realizadas ata agora, mobilizáronse investimentos por valor de preto de 102 millóns de euros para a realización de 133 proxectos de cooperación en que participan 518 empresas, a maior parte delas pemes, xunto a centros de innovación e do coñecemento galegos.

A resolución da terceira edición do programa inclúe 61 proxectos en que participan 228 empresas, das cales 206 son pemes, e 11 centros tecnolóxicos da comunidade. As iniciativas presentadas desenvolveranse ata o ano 2018. Búscase así impulsar a xeración de solucións innovadoras a necesidades estratéxicas para Galicia, que ao mesmo tempo sexan competitivas no mercado global; mobilizar capital privado con destino á innovación; fomentar a unión de capacidades científico-tecnolóxicas procedentes das esferas pública e privada; e crear emprego de calidade. De feito, a través dos proxectos seleccionados poderanse xerar máis de 100 postos de traballo.

Así mesmo, desde o punto de vista estratéxico, as principais novidades desta terceira edición son un maior aliñamento coas prioridades temáticas establecidas na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3) e o apoio por primeira vez a proxectos de innovación en organización e mellora de procesos, como reflicte a Axenda de competitividade Galicia-Industrial 4.0.

Desta forma, o Conecta Peme impulsa proxectos que supoñen unha innovación disruptiva ou radical e que xustifican un alto impacto económico. Na resolución da convocatoria tivéronse en conta o innovador das tecnoloxías xeradas, pero ademais, e moi especialmente, a súa capacidade para xerar rendibilidade no mercado e, en consecuencia, contribuír ao crecemento económico de Galicia.

As iniciativas de colaboración serán desenvolvidas por un mínimo de dúas e un máximo de seis empresas, e nesta edición incorpórase a posibilidade de incluír no consorcio unha gran empresa, sempre que non superen a execución do 25% do total do orzamento. Para participar no Conecta Peme, os proxectos teñen que contar cun orzamento de entre 500.000 euros e 1,5 millóns e as axudas públicas poden cubrir ata o 80% do total.

ININTERCONECTA

A contía das axudas sitúase no tramo inmediatamente anterior ás facilitadas polo programa Innterconecta que, por enriba de 1,5 millóns, está a favorecer o desenvolvemento de proxectos entre grandes consorcios de empresas e centros do coñecemento. Desde 2011, a través das tres primeiras convocatorias do Innterconecta, mobilizáronse en Galicia 307 millóns de euros en 172 proxectos de innovación en que participan 565 empresas galegas.

Deste xeito, entre o Innterconecta e o Conecta Peme, estanse a mobilizar preto de 410 millóns de euros en proxectos innovadores que contribúen á mellora competitiva do tecido empresarial ao sumar, entre ambos os programas, 305 proxectos e preto de 1.100 empresas beneficiadas.

Neste marco, cómpre salientar tamén a aposta polas unidades mixtas de innovación que está a realizar o Goberno galego, nas cales grandes empresas están a colaborar con centros de coñecemento. Unha vez que se resolva a terceira convocatoria, teranse mobilizado ao redor de 87 millóns de euros en 25 proxectos que impulsan liñas de traballo innovadoras en sectores estratéxicos para Galicia e que xerarán 360 empregos cualificados.

CULTURA E EDUCACIÓN DETERMINARÁ CALES SON AS TITULACIÓNS SINGULARES PARA O SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO, CO FIN DE GARANTIR A SÚA OFERTA

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da evolución académica do SUG e de proposta de planificación para o futuro da universidade*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria determinará, mediante resolución, cales son as titulacións consideradas singulares para o Sistema universitario de Galicia (SUG), co fin de garantir que se continúen ofertando con independencia do número de alumnos matriculados. Así o recolle o informe analizado hoxe polo Consello da Xunta en que se analiza a evolución da oferta das tres universidades galegas no cambio cara ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), e se realizan propostas para planificar o futuro da Universidade galega, como a devandita.

Deste xeito, entre os obxectivos para os próximos cursos académicos o informe recolle acadar unha oferta máis equilibrada a través de accións como o incremento dos títulos interuniversitarios, o avance na especialización dos campus, mellora da adecuación da oferta á demanda e a aplicación de medidas correctoras para as titulacións multiplicadas. Ademais, farase fincapé en que os títulos que se oferten fomenten o espírito emprendedor e o autoemprego.

Racionalización da oferta de graos

No referido ao salto cara ao EEES, o informe salienta a racionalización da oferta de graos que se produciu neste proceso. Non en balde no curso 2007/08 o SUG tiña autorizados 96 plans de estudo que se impartían, en moitos casos repetidos, nas 3 universidades e sumaban un total de 168 titulacións. Ao abeiro da súa adaptación a graos universitarios, o número de títulos reduciuse ata os 118 do curso 2016/17, medio cento menos que antes do cambio.

Por universidades, a que máis axustou a súa oferta de graos foi a de Santiago de Compostela, de 63 a 42 (un 33% menos); seguida da Universidade de Vigo, de 57 a 39 (un 31,6% menos), e da Universidade da Coruña, de 48 a 37 (23% menos).

A consecución deste obxectivo de racionalización foi facilitada pola publicación do Decreto 222/2011, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como finalidade a estabilización e consolidación da oferta. Ao abeiro del determinouse a especialización como requisito necesario para calquera petición de grao novo, a necesidade de equilibrio territorial dos campus, así como un número mínimo de alumnos para manter as titulacións, agás as singulares.

Da aplicación deste decreto e da súa orde de desenvolvemento (do 20 de marzo de 2012) xurdiron segundas oportunidades para as titulacións que non se axustaban aos seus requerimentos e que tiveron que someterse a plans de viabilidade. Ata o momento un total de 23 plans de viabilidade de graos foron avaliados e sometidos a informe dunha comisión de avaliación creada para o efecto pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) e integrada por vogais académicos, vogais do mundo profesional e técnicos. Aprobados estes plans, ACSUG realizará un seguimento anual do seu cumprimento e informará dos resultados o Consello Galego de Universidades. Pola súa parte, a Consellería valorará a consecución dos obxectivos propostos tendo en conta as características propias ou específicas e o carácter esencial ou singular da titulación afectada.

Másteres e programas de doutoramento

Durante este mesmo período de evolución cara ao EEES tamén se rexistraron cambios na oferta de másteres. Así, nos primeiros cursos produciuse un incremento moi significativo do seu número, desde os 30 autorizados no curso 2006/07 aos 230 do 2012/13. De forma progresiva, e a través da aplicación do devandito decreto, a oferta racionalizouse ata os 175 títulos actuais, o mesmo número que no ano académico 2010/11. Deles, 66 son impartidos pola USC, 58 pola UVigo e 51 pola UDC.

No referido aos programas de doutoramento, o seu número de doutoramentos descendeu coa adaptación ao EEES e coas adaptacións que neles tiveron que realizar as universidades coa finalidade de acadar as prescricións do Real decreto 99/2011, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento. Así, mentres que no 2007/08 existían 193 programas, no actual curso existen 125. Por universidades, a que máis os axustou foi a de Santiago de Compostela, de 92 a 54 (un 41,3%); a de Vigo, de 56 a 36 (un 35,7%); e a da Coruña, de 45 a 25 (22,2%).

SANIDADE CONSIDERA QUE O PROGRAMA PRAIAS SEN FUME TIVO BOA ACOLLIDA NO PRIMEIRO ANO E CONTINUARÁ TRABALLANDO PARA ESTENDER E MELLORAR A INICIATIVA

- *Aumentar a concienciación dos usuarios das praias, sen recorrer ás sancións, poñendo en valor a saúde, especialmente, dos máis pequenos é un dos seus principais obxectivos*
- *A filosofía do proxecto é educativa, de promoción da saúde e de protección do ambiente, e o seu cumprimento é voluntario*
- *O 63% da poboación galega considera como boa ou moi boa a iniciativa posta en marcha este pasado verán pola Consellería de Sanidade de promover que non se fume nas praias*
- *Un 25% da poboación recoñece que en vindeiros anos escollerá praias adheridas a esta iniciativa de non fumar*

O conselleiro de Sanidade en funcións presentou esta mañá ao Consello da Xunta os resultados do programa Praias sen Fume. Do informe despréndese que, en xeral, o proxecto tivo moi boa acollida, aínda que un cumprimento relativamente baixo, polo que cara ao futuro haberá que aumentar a concienciación dos usuarios das praias, sen recorrer ás sancións, poñendo en valor a saúde, especialmente, dos máis pequenos.

Cara ao vindeiro ano, a Consellería de Sanidade estenderá a invitación a unirse á rede a todos os concellos de Galicia, preferentemente aos que teñan praias con bandeira azul, buscando alianzas coas iniciativas de mellora e respecto ambiental e mellorando a sinalización para facela máis visible. Tamén se traballará en estratexias de comunicación en positivo tentando conseguir que sexan os propios usuarios os que exixan o seu dereito a dispor dun contorno libre de fume, e buscando un recoñecemento público a aquelas corporacións locais que, dentro da rede, amosen un maior compromiso co proxecto, poñendo en marcha accións complementarias que favorezan a percepción do positivo dun contorno saudable libre de fume.

Antecedentes da iniciativa

No ano 2012 o concello de Baiona pon en marcha unha campaña de sensibilización para a poboación co fin de promover que non se fume nas súas praias e iniciouse a prohibición só nunha delas para observar a acollida desta iniciativa entre a súa poboación. Este proxecto nace sen un fin recadatorio, senón educativo, de promoción da saúde e de protección do ambiente, e o seu cumprimento é voluntario. Actualmente todas as praias do concello son praias sen fume.

Co fin de estender esta iniciativa por toda Galicia, e enmarcada no Programa Galego de Promoción dunha Vida Sen Tabaco, púxose en marcha un programa piloto no verán de 2016. Ofrecéuselle participar a un número limitado de concellos con praias na costa

galega que foran galardoados con bandeira azul. En total participaron 26 areas de 19 concellos.

A todos os concellos participantes se lles subministrou material para sinalización (bandeiras e paneis con cinceiros) para situar nas praias e folletos informativos plurilingües. Ademais, as praias seleccionadas foron anunciadas na páxina web corporativa da consellería de sanidade:

<http://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/3890/RedGPSF.pdf>

Máis do 63% da poboación galega considera boa ou moi boa a iniciativa

Con respecto dos resultados da enquisa, o 63% da poboación galega considera como boa ou moi boa a iniciativa posta en marcha este pasado verán pola Consellería de Sanidade de promover que non se fume nas praias. Así se desprende dunha enquisa encargada pola Administración sanitaria galega, cun tamaño mostral de preto de 1.000 usuarios das praias e outra de 1.000 entrevistas telefónicas á poboación residente de 18 e máis anos. O traballo de campo levouse a cabo entre o 27 de xullo e o 13 de agosto.

Cómpre sinalar que ao 57% da poboación galega lle gustaría que a iniciativa se estendese a outras praias no futuro, e ao 43% gustaríalle que alcanzase outras zonas ao aire libre, principalmente zonas verdes, parques e parques infantís. A valoración positiva dos usuarios das praias participantes foi incluso superior ao da poboación xeral, e situose nun 65%. A valoración foi mellor aínda nos usuarios que acudían ás praias con nenos, onde chegou ao 70%.

Comparando fumadores con non fumadores, no caso dos usuarios das praias, o 38% dos fumadores valoraron como boa ou moi boa a iniciativa, fronte ao 76% dos non fumadores. Na poboación xeral estas porcentaxes foron o 39% e o 69%, respectivamente. Remarcar que, en canto á actitude futura, un 25% da poboación recoñece que en vindeiros anos escollerá praias adheridas a esta iniciativa de non fumar.

Pese a que é a primeira vez que se leva a cabo esta iniciativa, o coñecemento dela por parte dous usuarios foi elevada, sendo os medios de comunicación a principal fonte de información. Así, segundo a enquisa, o 57% dos usuarios das praias coñecían esta iniciativa do Goberno galego, sendo esta porcentaxe maior entre os fumadores que entre nos non fumadores.

Outros datos da enquisa

A través do traballo de campo comprobouse que das 26 praias participantes, 12 tiñan a bandeira colocada (46,2%) e 15 os paneis (57,7%).

No momento da visita detectouse xente fumando en 19 praias (73,1%). En 5 delas detectáronse acumulacións de fumadores en zonas fora do areal (accesos, terrazas, etc...). Cando se preguntou aos usuarios se viran xente fumando no areal, o 59,6% respondeu afirmativamente. Só un 4,6% dos usuarios decidiron actuar activamente cando detectaron xente fumando no areal.

En xeral o 68,2% dos usuarios pensaban que non se respectaba a prohibición de fumar.

MÁIS DE 8.500 FAMILIAS GALEGAS XA DISPOÑEN DA SÚA TARXETA BENVIDA

- ***A Xunta de Galicia recibiu ata a data máis de 10.400 solicitudes e a porcentaxe de concesión das instancias tramitadas sitúase no 96%***
- ***A Consellería de Política Social está a investir nesta convocatoria de axudas 18 millóns de euros, coa cal se prevé chegar ao 80% das familias en que se teña producido un nacemento ou adopción***

Un total de 8.563 familias galegas xa contan coa súa Tarxeta Benvida tal e como recolle o informe sobre o estado de execución desta axuda presentado hoxe pola Consellería de Política Social no Consello da Xunta.

Ata o día de hoxe, a Administración autonómica recibiu un total de 10.438 solicitudes, das cales están tramitadas 10.089. Do total de solicitudes tramitadas, 9.705 resultaron favorables, o que se traduce nunha porcentaxe de concesión do 96%.

O dato de instancias tramitadas desagregado por provincia indica que na Coruña se realizaron un total de 4.316 solicitudes, en Lugo 1.107, na provincia de Ourense se rexistraron 975 solicitudes e na de Pontevedra 3.691.

A Tarxeta Benvida é unha axuda económica para as familias residentes na comunidade autónoma destinada a apoiar os gastos derivados do nacemento ou adopción dun fillo ou filla menor dun ano. A dita axuda faise efectiva a través dunha tarxeta moedeiro que se pode utilizar para a compra de produtos básicos para o neno ou nena, tales como leite e outros alimentos infantís, cueiros, produtos de hixiene infantil ou produtos farmacéuticos. Cargada cun saldo de 1.200 euros por cada fillo/a, faise efectiva a razón de 100 euros ao mes por cada un deles durante o primeiro ano de vida.

Para obter esta achega é preciso que a renda da unidade familiar, sumadas a base impoñible xeral e a base impoñible do aforro, da declaración do IRPF do ano 2014 non supere os 45.000 euros, ou no suposto de que esta contía sexa superior, que a renda per cápita, entendida como a suma das bases impoñibles xeral e do aforro dividida polo número de membros da unidade familiar, non supere os 13.500 euros. A axuda articúlase no ano 2016 a través da Orde do 22 de decembro de 2015, publicada no *Diario Oficial de Galicia* o día 30 de decembro de 2015.

A Xunta de Galicia está a investir un total de 18 millóns de euros para os nacementos do ano 2016. Ademais, a Tarxeta Benvida terá continuidade no ano 2017. A previsión é chegar ao 80% das familias galegas en que se teña producido un nacemento ou adopción.

Con carácter complementario, púxose en marcha unha convocatoria pública de adhesión para a ampliación dos beneficios da Tarxeta Benvida. Poden sumarse a esta iniciativa as persoas físicas e xurídicas que teñan oficinas ou establecementos de libre acceso ao público na Comunidade Autónoma de Galicia e oferten ás familias titulares da tarxeta unha ampliación ou mellora dos seus beneficios ao presentala nos seus negocios.

As vantaxes poden ser de diversos tipos (descontos, obsequios, ofertas especiais...) e son fixadas libremente por quen as ofrece, e aplícanse, sen maior requisito, a toda a clientela que sexa titular dunha Tarxeta Benvida.

Varias empresas amosaron o seu interese por esta iniciativa e Supermercados Eroski Center, Hipermercados Eroski e Supermercados Familia xa asinaron o acordo de adhesión e están a aplicar un desconto directo do 3% nas compras das persoas titulares da Tarxeta Benvida.

É a primeira vez que desde o goberno galego se deseña unha medida deste tipo, a cal forma parte do Programa de apoio á natalidade (PAN), como proxecto global que persegue dar resposta ás necesidades das nais e dos pais galegos, garantir o benestar das familias e apoialas de xeito integral e continuo desde o primeiro momento. O PAN considera tres grandes áreas de actuación: PAN-Axudas, PAN-Concilia e PAN-Servizos.

O PAN-Axudas, onde se enmarca a Tarxeta Benvida, abrangue outras medidas compatibles coa tarxeta, como o incremento da dedución fiscal por nacemento ou adopción de fillos/as para contribuíntes cuxas rendas sexan iguais ou inferiores a 22.000 €. (360 euros polo primeiro/a fillo/a, 1.200 polo segundo/a e 2.400 polo terceiro/a e sucesivos); a prestación de pagamento único por fillos e fillas menores de 3 anos para as persoas que non teñan a obrigaçión de presentar a declaración da renda; ou a exención de pagamento nas escolas infantís para o segundo fillo ou filla que acuda ao mesmo centro daquelas familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 € anuais e aos menores en situación de acollemento familiar, desde o curso 2014/15.